



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN E DE ELECCIÓN DE ALCALDE, COMO CONSECUENCIA DAS ELECCIÓNS MUNICIPAIS QUE TIVERON LUGAR O DÍA 24 DE MAIO DO 2015

Lugar : Casa do Concello

Día: 13 de xuño de 2015

Hora de comezo : 13.00 horas

Hora de remate : 13. 30 horas

Para dar cumprimento ó que se dispón polos artigos 195 e 196 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral , e artigos 36 e 37 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, referentes á constitución das corporacións locais e a elección de alcalde, reúnense , en sesión pública, os señores concelleiros elixidos nas eleccións municipais que tiveron lugar o día 24 de maio de 2015, que son os seguintes :

ASISTENTES :

Don Ovidio Rodeiro Tato
Don Manuel Fernández Munín
Dona María del Carmen Botana Cebeiro
Don Antonio González Barral
Dona Ana María Seijo Mosquera
Don Jesús Sanjuás Mera
Don Jesús José Santasmarinas Devesa
Don Alejandro Bermúdez Devesa
Don Xabier Canabal Fernández
Dona María del Carmen Soutullo Carolo
Don Perfecto Barcala Mosquera

AUSENTES :

Ninguén.

ASUNTOS :

- 1 Constitución da mesa de idade
- 2 Comprobación de credenciais
- 3 Xuramento ou promesa dos concelleiros
- 4 Declaración de constitución da Corporación
- 5 Elección de alcalde
- 6 Xuramento ou promesa do alcalde
- 7 Acta de arqueo , inventario municipal e Fundación Pedro Pérez

Asistidos polo secretaria – interventora da corporación, dona Elena Suárez Rodríguez, fai constar que foi cumprimentado o requisito que preceptúa o artigo 7º do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, como trámite previo legal para este acto.

1. Constitución da mesa de idade

Procédese a formar a mesa de idade , integrada polo concelleiro electo de **maior idade** entre os asistentes, don Antonio González Barral, e pola de **menor idade** , tamén de entre os asistentes, dona María del Carmen Botana Cebeiro.

Actúa como secretaria a da corporación.

2. Comprobación de credenciais

Constituída a mesa de idade, por esta procédese a comprobar as credenciais presentadas ou acreditacións da personalidade dos electos, en base á certificación recibida da Xunta Electoral de Zona .

3. Xuramento ou promesa dos concelleiros

Previa comprobación do cumprimento das esixencias determinadas polo artigo 195.4 da citada lei orgánica e do artigo 37.4 do referido regulamento, procédese a prestar xuramento ou promesa por cada un dos concelleiros / as asistentes segundo dispón o artigo 108 da Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño, baixo a fórmula que establece o Real Decreto 707/1979, de 5 de abril (BOE do día 6) **utilizando a modalidade de xuramento os señores :**

Don Ovidio Rodeiro Tato
Dona Ana María Seijo Mosquera
Don Jesús Sanjuás Mera
Don Jesús José Santasmarinas Devesa
Don Alejandro Bermúdez Devesa

e de promesa os **señores :**

Don Xabier Canabal Fernández.

Dona María del Carmen Soutullo Carolo
Don Perfecto Barcala Mosquera
Don Manuel Fernández Munín
Dona María del Carmen Botana Cebeiro
Don Antonio González Barral

4. Declaración de constitución da Corporación

Queda constituída a Corporación Municipal de Boqueixón.

5. Elección de alcalde

De acordo co que se dispón no artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, procédese á proclamación de candidatos para a elección de alcalde, de entre os concelleiros que encabezan as distintas listas que obtiveron representación nas pasadas eleccións municipais, resultando presentados e proclamados os seguintes :

NOME E APELIDO DOS CANDIDATOS	LISTA OU CANDIDATURA NA QUE ESTÁN INTEGRADOS
Xabier Canabal Fernández	Agrupación de electores veciñ@s de Boqueixón
Ovidio Rodeiro Tato	Partido Popular

De acordo co que dispón o artigo 196 da Lei orgánica 5/1985 de 19 de xuño procédese á elección de alcalde, mediante votación ordinaria ao quedar descartado por maioría absoluta a votación secreta solicitada pola agrupación de electores veciñ@s de Boqueixón.

Ten inicio a votación de acordo co que establece o artigo 196 da citada lei, para elixilo de entre os candidatos proclamados a dito cargo.

Obtense o seguinte resultado :

NOME E APELIDOS DE CADA CONCELLEIRO CANDIDATO	NÚMERO DE VOTOS OBTIDOS	
	EN LETRA	EN NÚMERO
Ovidio Rodeiro Tato	Oito	8
Xabier Canabal Fernández	Tres	3

Queda proclamado alcalde electo, por ter maioría absoluta dos votos emitidos polos concelleiros /as, don Ovidio Rodeiro Tato, tal como prevé o artigo 196-B) da Lei orgánica 5/1985 , de 19 de xuño.

6. Xuramento ou promesa do alcalde

Inmediatamente o concelleiro que resulta elixido como alcalde deste concello, don Ovidio Rodeiro Tato, integrado na lista do Partido Popular , previo xuramento, na forma anteriormente mencionada, toma posesión do seu cargo neste mesmo acto, pasando a ocupar a presidencia.

7 Acta de arqueo , inventario municipal e Fundación Pedro Pérez.

A continuación a secretaria – interventora le a acta de arqueo extraordinario redactada con motivo de constitución da nova corporación, acompañada de todos os documentos que xustifican as existencias en metálico da corporación, depositados na caixa municipal e en entidades bancarias, así como a documentación relativa ó inventario do patrimonio municipal, de acordo co preceptuado no número 2 do artigo 36 do regulamento de organización , funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e do que os resumes son os seguintes :

ACTA DE ARQUEO EXTRAORDINARIA CON MOTIVO DE CONSTITUCIÓN DE CORPORACIÓN.

Existencia bancos a 31 de maio do 2015: 1.029.953,86 €

Inventario de bens (activo) : 18.164.493,70 €.

Préstamos concertados polo concello (pasivo) :

1. Préstamo concertado con Caixa Galicia (actual ABANCA) o 31/12/2000 por importe de 1.000.000 € e vencemento o 01/01/2029. A esta data (31/05/2015) queda pendente de amortizar 537.884,69 €. Proximamente amortizaranse 185.606,33 € do superávit ano 2014. Co cal o importe pendente de amortizar será de 352.278,69 €.
2. Préstamo concedido pola Deputación Provincial da Coruña (Solicitado polo Pleno ordinario do 14 de xaneiro do 2015)
Importe: 194.701,36 €
Sen xuros
Prazo devolución: durante 10 anos a partir do 2017.

FUNDACIÓN PEDRO PÉREZ PÉREZ

Capital Fundacional : 187.387,07 €

Existencia en bancos (intereses) : 2.848,51 €

A continuación o xa proclamado alcalde do concello, di o seguinte :

“Moitas gracias a todos e a todas por participar neste acto de inicio de lexislatura.

O meu compromiso sempre foi Boqueixón, por iso considero unha honra o poder poñerme ao servizo dos veciños do concello onde nacín, e no que sempre vivín.

Este compromiso pretendo exercelo coa máxima humildade; e afrontar o traballo que nos teñen encomendo, de forma maioritaria, os nosos veciños o pasado 24 de maio.

O ex-presidente do Goberno, Felipe González, di no seu último libro: “interésanme máis os resultados que ser un gran predicador”.

A min tamén.

De aí que a miña principal aposta política neste novo período de Boqueixón sexa a de ser útil ao concello e aos seus cidadáns.

Os veciños sempre estarán antes que nada. As súas necesidades e inquedanzas serán a prioridade de todas as accións deste goberno.

Os veciños de Boqueixón nos demostran permanentemente a súa capacidade de emprender novos proxectos, públicos e privados, polos que paga a pena apostar.

O meu propósito é o de acompañar eses novos proxectos, para potenciar todas e cada unha das nosas posibilidades como colectividade.

Eu non entendo a política, a xestión pública, como unha tarefa para permanecer sentado e deixar o tempo pasar; senón para traballar arreo na realización daquelas reformas que melloren o futuro de Boqueixón.

Esforzareime para que a transparencia dos feitos e o valor dos resultados sexan os que falen da miña xestión como alcalde.

Son consciente de que estamos pasando momentos moi duros. As dificultades económicas condicionan a prestación dos servizos públicos tal e como os coñecemos ata o de agora.

Por iso, a primeira tarefa debe ser a de sentar as bases para garantir que o concello poida manter, e mesmo incrementar, os servizos públicos que presta aos cidadáns. Estou absolutamente convencido de que hai marxe para facelo.

Boqueixón está formado polo conxunto de todos os veciños, e serán benvidas as ideas e opinións de todos, independentemente do sentido do seu voto.

Non creo nos discursos baleiros nin nos enfrontamentos sectarios. Non me gustan as discusións estériles nin a crítica por sistema.

Creo que todos podemos aportar moito a este concello, máis alá da ideoloxía de cada quen.

A miña intención é a de contar coa opinión e a colaboración de todos os membros desta corporación, sexan goberno ou sexan oposición.

Porque sei que todas as persoas que nos sentamos nesta bancada temos o compromiso de traballar para facer un Boqueixón mellor.

Tamén quixera agradecer o labor que desenvolveron as persoas que me precederon no cargo de alcalde. Gracias, Luís Bragaña, Secundino Torres, Adolfo Gacio e Suso Sanjuás por traballar para facer un Boqueixón mellor.

O meu propósito é facer un concello para todas as persoas, no que a prioridade será escoitar permanentemente aos veciños, para así poder comprender e atender as súas necesidades e demandas.

Un concello onde todos poderedes coñecer, dende o minuto un, onde e cómo se están a investir os cartos dos cidadáns, para unha xestión municipal limpa dentro dun concello de cristal.

Os veciños de Boqueixón nos demandan prudencia, como base sobre a que asentar o modelo de xestión.

Pero, ao mesmo tempo, tamén nos esixen decisións valentes, atrevidas e renovadas, que volvan a facer de Boqueixón un concello pioneiro, na vangarda de toda Galicia.

No pasado mes de decembro iniciamos un tempo de diálogo cos veciños, para poder coñecer de primeira man as súas ideas de futuro.

Foron catro meses de intenso traballo, nos que recolleamos dúzias de ideas e propostas en quince reunións parroquiais e sectoriais, nas que participaron directamente máis de 900 veciños.

Coas conclusións destas xuntanzas elaboramos a Estratexia Boqueixón 2020, que servirá como guía para a nosa acción de Goberno.

Nunca un documento como este foi tan debatido, analizado e consensuado durante tanto tempo e con tantos veciños.

Unha das primeiras medidas será acometer unha reforma racional do concello, cun novo modelo de xestión que seguirá os principios de eficacia e transparencia.

A Estratexia Boqueixón 2020 conta con dez plans:

O Plan de modernización e transparencia; o Plan de ordenación municipal; o Plan auga; o Plan saneamento; o Plan interparroquial de estradas; o Plan de humanización das aldeas; o Plan monte; o Plan Terra; o Plan Boqueixove para os mozos e o Plan Social e de Emprego

Ademais, esta estratexia tamén conta con propostas en materia de Medio ambiente; Educación, cultura e deportes; Turismo e hostalería e Protección Civil

En total, 117 medidas tanxibles, factibles e cuantificables, nunha estratexia a longo prazo que adianta o concello de futuro que vos propoño construír entre todos.

Con ilusión, traballo e compromiso

Moitas grazas”.

Sen máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde asina esta acta e eu redacto a mesma como secretaria do concello.

A secretaria

O alcalde